

XORNADA ISSGA

ASPECTOS NORMATIVOS DO USO SOSTIBLE DOS PRODUTOS FITOSANITARIOS

CAMBADOS, 29 de MAIO de 2013

Servizo de Sanidade e Produción Vexetal
Consellería do Medio Rural e do Mar -

Directiva 2009/128/CE

Establece un marco para acadar un uso sostible dos praguicidas mediante a minoración dos riscos e os efectos do uso dos praguicidas na saúde humana e no medio ambiente, e o fomento da xestión integrada de pragas (XIP) e de técnicas alternativas como a loita biolóxica.

A aplicación da Directiva será progresiva.

Plans de acción nacionais

Os EEMM adoptarán plans de acción nacionais para fixar os seus obxectivos a fin de cumprir a directiva.

Antes do 26 de novembro de 2012 os EEMM comunicarán os seus plans á Comisión e aos demais EEMM.

Someteranse a unha revisión periódica cada cinco anos.

Directiva 2009/128/CE

Formación

Todos os usuarios profesionais, distribuidores e asesores terán unha formación, inicial e complementaria, apropiada.

A formación garantirá que os destinatarios adquiran un coñecemento suficiente das materias indicadas no anexo I, que se acreditará mediante un sistema de certificados.

Prazo de aplicación: 26 de novembro de 2013.

Venda de praguicidas

Os distribuidores terán persoal empregado que acredite o certificado de formación.

Estas persoas estarán dispoñibles no momento da venda para proporcionar aos clientes información adecuada, en relación co uso dos praguicidas, os riscos para a saúde e o medio ambiente e as instrucións de seguridade para xestionar tales riscos dos produtos de que se trate.

Directiva 2009/128/CE

Inspección dos equipos de aplicación de praguicidas

Os equipos de aplicación de praguicidas para uso profesional serán obxecto de **inspeccións periódicas obrigatorias**. Ata 2020 cada 5 anos como máximo e a partir de 2020 cada 3 anos.

Prazo de aplicación: 26 de novembro de 2016.

Excepcións:

O Real decreto 1702/2011 de inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios exclúe da revisión aos **pulverizadores de mochila e aos pulverizadores de arrastre manual (carretillas) con depósitos ≤ 100 litros.**

Pulverizacións aéreas

Os EEMM garantirán a prohibición das pulverizacións aéreas.

Excepcións:

Cando non haxa ningunha alternativa viable ou cando se demostre que a aplicación aérea supón un menor risco que a terrestre.

Directiva 2009/128/CE

Xestión integrada de pragas

Os EEMM describirán nos seus plans de acción nacionais como garantirán que todos os usuarios profesionais aplicarán os principios xerais de xestión integrada de pragas (anexo III):

- Rotación de cultivos.
- Emprego de técnicas de cultivo adecuadas: baixas doses de sementeira, mínimo laboreo, sementeira directa …
- Aplicación de medidas hixiénicas para evitar a propagación de organismos nocivos.
- Aplicación de medidas fitosanitarias que protexan á fauna útil.
- Preferencia polas técnicas biolóxicas fronte ás químicas.
- Elección dos praguicidas máis específicos posibles.

Data límite para xustificar estas medidas: 1 de xaneiro de 2014.

Real decreto 1311/2012

Obxecto (artigo 1)

Establece o marco de acción para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios mediante a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e o medio ambiente, e o fomento da xestión integrada de pragas e de plantexamentos ou técnicas alternativos, tales como os métodos non químicos.

Ámbito de aplicación (artigo 2)

Aplicarase a todas as actividades fitosanitarias, tanto no ámbito agrario como en ámbitos profesionais distintos ao mesmo. Aos efectos deste real decreto os ámbitos agrarios comprenden a produción primaria agrícola e forestal, incluíndo os pastos e eriais.

Real decreto 1311/2012

Definicións (artigo 3)

- Usuario profesional: calquera persoa que use produtos fitosanitarios no exercicio da súa actividade profesional, incluídos os operadores, técnicos, empresarios ou traballadores autónomos, tanto no sector agrario como noutros sectores.

- Distribuidor: calquera persoa física ou xurídica que comercialice produtos fitosanitarios, incluídos maioristas, minoristas, vendedores e provedores.

- Asesor: calquera persoa que adquira uns coñecementos adecuados e asesore sobre a xestión de pragas e o uso seguro dos produtos fitosanitarios a título profesional ou como parte dun servizo comercial, incluídos os servizos autónomos privados e de asesoramento públicos, operadores comerciais, produtores de alimentos e minoristas, no seu caso.

Real decreto 1311/2012

Xestión integrada de pragas (artigo 10)

A xestión das pragas dos vexetais en ámbitos profesionais realizarase mediante a aplicación de prácticas con baixo consumo de produtos fitosanitarios, dando prioridade, cando sexa posible, aos métodos non químicos, de maneira que os asesores e usuarios opten polas prácticas e os produtos con menores riscos para a saúde humana e o medio, de entre todos os dispoñibles para tratar unha mesma praga. Todo iso levarase a cabo tendo en conta os principios xerais da xestión integrada de pragas establecidos no anexo I que sexan aplicables en cada momento e para cada tipo de xestión de pragas.

Xestión integrada de pragas (anexo I)

a) rotación dos cultivos

b) utilización de técnicas de cultivo axeitadas (por exemplo, técnica da falsa sementeira, datas e densidades de sementeira, dose de sementeira axeitada, mínima labra, poda e sementa directa),

Real decreto 1311/2012

Xestión integrada de pragas (anexo I)

c) utilización, cando proceda, de variedades resistentes ou tolerantes así como de sementes e material de multiplicación normalizados ou certificados,
d) utilización de prácticas de fertilización, emenda de chans e rego e drenaxe equilibradas,
e) prevención da propagación de organismos nocivos mediante medidas profilácticas (por exemplo, limpando periodicamente a maquinaria e os equipos),
f) protección e mellora dos organismos beneficiosos importantes

- Os organismos nocivos deben ser obxecto de seguimento.

- Sobre a base dos resultados da vixilancia e de valores limiares para os organismos nocivos establecidos para a rexión, as zonas específicas, os cultivos e as condicións climáticas particulares decidiranse os tratamentos

- Os métodos sostibles biolóxicos, físicos e outros non químicos deberán preferirse aos métodos químicos, sempre que permitan un control satisfactorio das pragas.

Real decreto 1311/2012

Xestión integrada de pragas (anexo I cont.)

- Os produtos fitosanitarios aplicados deberán ser tan específicos para o obxectivo como sexa posible, e deberán ter os menores efectos secundarios para a saúde humana, os organismos aos que non se destine e o medio.

- Os usuarios profesionais deberán limitar a utilización de produtos fitosanitarios e outras formas de intervención aos niveis que sexan necesarios, evitando o risco de desenvolvemento de resistencias nas poboacións de organismos nocivos.

- Cando o risco de resistencia a unha medida fitosanitaria sexa coñecido e cando o nivel de organismos nocivos requira repetir a aplicación de produtos fitosanitarios nos cultivos, deberán aplicarse as estratexias dispoñibles contra a resistencia.

- Os usuarios profesionais deberán comprobar a eficacia das medidas fitosanitarias aplicadas sobre a base dos datos rexistrados sobre a utilización de produtos fitosanitarios e do seguimento dos organismos nocivos.

Real decreto 1311/2012

Asesoramento en xestión integrada de pragas(artigo 11-12)

- Técnico que poida acreditar a condición de asesor ao estar en posesión de titulación habilitante.
- O asesoramento deberá quedar reflectido documentalmente.
- O titular dunha explotación agraria ou traballador poderá realizar o asesoramento para a devandita explotación.
- O asesor terá en conta, na súa actividade de asesoramento, as guías por cultivo ou grupo de cultivos adoptadas.
- O asesor poderá exercer a súa actividade en todo o territorio nacional.
- Os outorgamentos da condición de asesores poderán ser suspendidos, modificado ou extinguido en caso de impoñerse ao seu titular unha sanción administrativa pola comisión dunha infracción grave ou moi grave en materia de sanidade vexetal, saúde pública ou medio, ou por incumprimento sobrevido de requisitos contemplados neste real decreto ou na Lei.

Real decreto 1311/2012

Que se considera xestión integrada de pragas?

a) A xestión de pragas realizada na agricultura ecolóxica
b) A xestión de pragas realizada en produción integrada,
c) A xestión de pragas realizada no marco de sistemas de produción certificada distintos dos referidos nas letras a) e b) que fosen aprobados polo Comité para tal efecto
d) A xestión de pragas realizada polos produtores integrados en agrupacións ou outras entidades de asesoramento en materia de xestión integrada de pragas oficialmente recoñecidas (atrias, ADF)
e) A xestión de pragas que, non estando contemplada nas letras a), b), c) e d), débese realizar asistida dun asesoramento.

Explotacións de baixa utilización de produtos fitosanitarios, debéndose realizar os tratamentos conforme as prácticas contempladas nas correspondentes guías de cultivo. Antes do 1 de marzo de 2013 Magrama, a proposta do Comité, publicará as producións e tipos de explotacións que se considerarán, aos efectos do presente apartado, como de baixa utilización de produtos fitosanitarios.

Real decreto 1311/2012

Requisitos de formación de usuarios profesionais e vendedores (artigo 17)

A partir do 26 de novembro de 2015, os usuarios profesionais e vendedores de produtos fitosanitarios deberán estar en posesión dun carné que acredite coñecementos apropiados para exercer a súa actividade, segundo os diferentes niveis de capacitación.

Quedan eximidos deste requisito o persoal dos distribuidores cuxas tarefas non sexan a venda nin a manipulación de produtos fitosanitarios para uso profesional.

O órgano competente da comunidade autónoma poderá adiantar a data prevista no apartado 1 para o seu ámbito territorial. (Galicia esixe o carné de nivel cualificado aos responsables dos establecementos de venda e das empresas de tratamento desde o ano 2009).

Real decreto 1311/2012

Niveles de capacitación (artigo 18)

- Nivel básico: para o persoal auxiliar de tratamentos terrestres e aéreos, incluíndo os non agrícolas, e os agricultores que os realizan na propia explotación sen empregar persoal auxiliar e utilizando produtos fitosanitarios que non sexan nin xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais. Tamén se expedirán para o persoal auxiliar da distribución que manipule produtos fitosanitarios.
- Nivel cualificado: para os usuarios profesionais responsables dos tratamentos terrestres, incluidos os non agrícolas, e para os agricultores que realicen tratamentos empregando persoal auxiliar. Tamén se expedirán para o persoal que interveña directamente na venda de produtos fitosanitarios de uso profesional, capacitando para proporcionar a información adecuada sobre o seu uso, os seus riscos para a saúde e o medio ambiente e as instrucións para mitigar os devanditos riscos.

Real decreto 1311/2012

Niveles de capacitación (artigo 18)

- Fumigador: para aplicadores que realicen tratamentos con produtos fitosanitarios que sexan gases clasificados como tóxicos, moi tóxicos ou mortais, ou que xeren gases desta natureza.
- Piloto aplicador: para o persoal que realice tratamentos fitosanitarios desde ou mediante aeronaves.

Estará exento da obriga de realizar o correspondente curso quen solicite o carné de nivel cualificado e xustifique unha titulación universitaria habilitante ou unha titulación de formación profesional que acredite a formación reflectida neste real decreto.

Expedición, renovación e retirada de carnés (artigo 20)

A petición de renovación do carné deberá realizala o interesado na comunidade autónoma onde resida.

Os carnés serán válidos a efectos de exercer a actividade para a que habilitan en todo o ámbito nacional e terán unha validez de 10 anos.

Real decreto 1311/2012

Subministración de produtos fitosanitarios para uso profesional (artigo 21)

A partir do 26 de novembro de 2015, so poderán subministrarse produtos fitosanitarios para uso profesional a titulares dun carné que acredite a formación establecida no artigo 18.

Requisitos de formación na distribución (artigo 22).

A partir do 26 de novembro de 2015, os vendedores e o persoal auxiliar da distribución de produtos fitosanitarios para uso profesional deberán estar en posesión do carné correspondente para exercer como tales.

A obriga dos distribuidores, vendedores e demais operadores comerciais de produtos fitosanitarios de contar cun técnico con titulación universitaria habilitante, segundo o establecido no artigo 40 da Lei de sanidade vexetal, cumprirase segundo o artigo13.

O órgano competente da comunidade autónoma poderá adiantar a data prevista no primeiro parágrafo deste artigo no seu ámbito territorial.

Real decreto 1311/2012

Información no momento da venda (artigo 23)

No momento da venda de produtos fitosanitarios para uso profesional, deberá estar dispoñible un vendedor para proporcionar aos clientes información adecuada en relación co uso dos produtos que adquire, os riscos para a saúde e o medio ambiente e as instrucións de seguridade para xestionar tales riscos. O vendedor estará en posesión do carné cualificado desde o momento no que este requisito sexa obrigatorio no seu ámbito territorial.

Os distribuidores que vendan produtos fitosanitarios para uso non profesional proporcionarán aos usuarios información xeral sobre os riscos do uso destes produtos para a saúde e o medio ambiente, e en particular, sobre os perigos, exposición, almacenaxe adecuada, manipulación, aplicación e eliminación en condicións de seguridade, así como as alternativas de baixo risco.

Real decreto 1311/2012

Medidas para evitar a contaminación difusa das masas de auga (artigo 31)

- Redución das aplicacións de produtos en superficies moi permeables.
- Cando se apliquen produtos fitosanitarios respetarase unha banda de seguridade mínima con respecto ás masas de auga superficial de 5 metros, sen perxuízo de aumentala cando así se reflicta na etiqueta. Excepcións: os cultivos inundables como o arroz e as canalizacións para rega e outras infraestruturas asimilables.
- Evitaranse os tratamentos con ventos superiores a 3 metros por segundo.

Real decreto 1311/2012

Medidas para evitar a contaminación puntual das masas de auga (artigo 32)

- Non encher os depósitos dos equipos de aplicación directamente desde os puntos de almacenamento de auga ou pozos nin desde os cauces de auga. Excepcións: cando o punto de captación esté máis alto que a boca de enchido ou o equipo teña un dispositivo antirretorno.
- Os puntos de auga susceptibles de contaminarse, os pozos, deberán cubrirse durante a aplicación do produto fitosanitario.
- Evitar realizar tratamentos sobre zonas non obxectivo. Deter o tratamento nos xiros e ao rematar as liñas de cultivo.
- As operacións de regulación e comprobación do equipo de tratamento realizaranse antes da carga do caldo de aplicación e, como mínimo, a 25 metros dos puntos e masas de auga susceptibles de contaminación.

Real decreto 1311/2012

Medidas específicas para evitar a contaminación en zonas de extracción de auga para consumo humano (artigo 33)

- Identificación dos pozos e masas de auga superficial empregadas para a extracción de auga para consumo humano.
- Establecemento dunha distancia de 50 metros, como mínimo, sen tratar respecto aos puntos de extracción de auga para consumo humano nas masas de auga superficiais, así como nos pozos utilizados para tal fin.

Real decreto 1311/2012

Medidas específicas para zonas tratadas recentemente que utilicen os traballadores agrarios (artigo 35)

- Ademais de respectar o prazo de reentrada que figure na etiqueta do produto fitosanitario, non se procederá á reentrada nos cultivos tratados ata que non se sequen as partes do cultivo que poidan entrar en contacto coas persoas.
- Nos cultivos de invernadoiro, locais e almacéns, cando se trate con produtos fitosanitarios distintos aos de baixo risco, indicarase nun cartel visible na entrada ao recinto a información relativa a cando esté permitido entrar despois dun tratamento.
- Cando se fagan tratamentos en parcelas non pechadas colindantes a vías ou áreas públicas urbanas indicarase nun cartel cando se pode entrar despois dun tratamento.

Real decreto 1311/2012

Preparación da mestura e carga do depósito nos tratamentos fitosanitarios (artigo 36)

- A mestura ou dilución previa dos produtos fitosanitarios non se realizará con anterioridade á incorporación ao depósito.
- No caso de que o equipo de aplicación non dispoña de dispositivos incorporadores, o produto fitosanitario engadirase despois de que o depósito se encha de auga ata a metade da súa capacidade.
- As operacións de mestura e carga realizaranse en puntos alonxados das masas de auga superficiais e nunca a menos de 25 metros de distancia e elas. Poderase reducir a 10 metros cando os equipos dispoñan de mesturadores-incorporadores de produto.
- A cantidade de produto e o volume de auga a empregar calcularanse evitando que sobre caldo de aplicación despois de rematar o tratamento.

Real decreto 1311/2012

Transporte de produtos fitosanitarios (artigo 38).

- O transporte de produtos fitosanitarios con medios propios do titular da explotación, o no seu caso da persoa ou empresa que requira tratamentos con produtos fitosanitarios de uso profesional, realizarase de xeito que non se poidan producir verquidos.
- Os envases transportaranse pechados, colocados verticalmente e con apertura cara á parte superior. Organizarase e suxeitarase a carga correctamente no medio de transporte e non se utilizarán soportes con partes cortantes que puidesen danar os envases.
- Sempre que existan vías alternativas próximas, evitarase atravesar canles de auga co equipo de tratamento cargado coa mestura do produto fitosanitario.

Real decreto 1311/2012

Limpeza dos equipos de tratamento (artigo 39).

- Prohíbese o verquido dos restos do caldo de aplicación sobrante. Eliminarase, previamente diluído, aplicándoo na mesma parcela.
- Non se poderán lavar os equipos de tratamento a distancias inferiores a 50 metros das masas de auga superficiais e dos pozos.
- Os equipos de aplicación almacenaranse sempre protexidos da chuvia.

Real decreto 1311/2012

Almacenaxe dos produtos fitosanitarios polos usuarios (artigo 40).

- Os produtos para uso profesional guardaranse en armarios ou cuartos ventilados con pechadura para controlar o acceso a eles.
- Estarán separados por parede de obra de calquera local habitado e diporán de suficiente ventilación, natural ou forzada, con saída ao exterior.
- Non estarán ubicados nas proximidades das masas de auga superficiais ou dos pozos de extracción de auga. Tampouco se poderán ubicar en áreas inundables.
- Disporán de medios adecuados para recoller derramos accidentais.
- Disporán dun contedor acondicionado cunha bolsa de plástico para aillar os envases danados, envases baleiros, os restos de produto e os restos de calquera verquido accidental que se producira ata a súa entrega ao xestor autorizado de residuos.

Real decreto 1311/2012

Almacenaxe dos produtos fitosanitarios polos usuarios (artigo 40).

- Os consellos de seguridade, os procedementos en caso de emerxencia e os teléfonos de emerxencia estarán á vista.
- Os armarios estarán situados en zonas libres de humidades e protexidos das temperaturas extremas. Deben estar aillados do resto de enseres do almacén, especialmente do material vexetal e dos produtos para consumo humano ou animal.
- Os produtos deben guardarse pechados, en posición vertical con peche cara a arriba e coa etiqueta orixinal íntegra e lexible. O produto sobrante debe guardarse no seu envase orixinal e pechado.

Real decreto 1311/2012

Residuos e envases de produtos fitosanitarios no ámbito agrario (artigo 41).

- Cada envase de produto fitosanitario líquido que se baleire ao preparar a mestura e carga será enxaugado manualmente 3 veces, ou mediante dispositivo de presión, e as augas resultantes verteranse ao depósito do equipo de tratamento.
- Os envases baleiros guardaranse nunha bolsa almacenada ata o momento do seu traslado ao punto de recollida. (Entrega nun centro de agrupamento ou punto vinculado pertencentes á rede de recollida xestionada pola empresa Sigfito).
- O agricultor manterá o xustificante de entrega dos envases baleiros de produtos fitosanitarios no correspondente punto de recollida durante, como mínimo, os 3 anos seguintes á súa data de emisión.

Real decreto 1311/2012

Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (artigo 42).

2.- Comprende as actividades de:

- Subministración dos medios de defensa fitosanitaria reflectidos no artigo 2.m) da Lei de sanidade vexetal, incluída a produción, comercialización, loxística, almacenaxe, distribución e venda ou cesión en xeral.
- Realización de tratamentos fitosanitarios cando se trate de prestación de servizos por empresas, cooperativas ou outras entidades co seu propio persoal e de desinfección de sementes e tratamentos postcolleita con carácter industrial ou corporativo mediante instalacións ou equipos fixos.
- Asesoramento a explotacións agrarias, entidades ou particulares.
- Manipulación e utilización de produtos fitosanitarios de uso profesional.

Real decreto 1311/2012

Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (artigo 42).

3.- A inscrición no Rexistro será obrigatoria para exercer calquera das actividades especificadas no apartado 2, en tanto sexa con carácter comercial, industrial ou corporativo.

4.- A obriga de inscrición no Rexistro non afecta a aqueles operadores que comercialicen exclusivamente produtos fitosanitarios autorizados para usos non profesionais.

5.- A xestión do Rexistro corresponde ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos territoriais.

6.- O Rexistro terá carácter público.

ENTRADA EN VIGOR DAS OBRIGAS IMPOSTAS POLA NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DA DUS

	Responsable	Requsito Directiva	Requisito Real decreto	2012	2013	2014	2015	2016
Autorización excepcionais de aplicacións aéreas	Comunidad Autónoma	Art. 9	Art. 17 – 29	16/09/2012				
Medidas de protección do medio acuático	Agricultor e asesor	Art. 11	Art. 30 -33	16/09/2012				
Redución do risco en zonas específicas	Agricultor e asesor	Art. 12	Art. 34 -35	16/09/2012				
Medidas para preparar a mezcla e carga do depósito de tratamento	Agricultor e aplicado	Art. 13	Art. 36 – 37	16/09/2012				
Medidas para transporte de produtos fitosanitarios	Agricultor e aplicador	Art. 13	Art. 38	16/09/2012				
Medidas para limpeza de equipos de tratamento	Agricultor e aplicador	Art. 13	Art. 39	16/09/2012				
Medidas para o almacenamento polos usuarios dos produtos fitosanitarios	Agricultor	Art. 13	Art. 40	16/09/2012				
Residuos e enavses de produtos fitosanitarios	Agricultor e aplicador	Art. 13	Art. 41	16/09/2012				
Libro oficial de movementos para todas as categorias	Distribuidor e aplicador	Art. 67.1 R. 1107/2009	Art. 25	16/09/2012				
Asesoramento en GIP (xestión integrada de pragas)	Varios	Art. 14	Art. 49	16/09/2012				

ENTRADA EN VIGOR DAS OBRIGAS IMPOSTAS POLA NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DA DUS

	Responsable	Requsito Directiva	Requisito Real decreto	2012	2013	2014	2015	2016
Documento de asesoramento en GIP para usos profesionais non agrarios	varios	Art. 14	Art. 49	16/09/2012				
Adopción do PAN	Ministerio	Art. 4	Art. 5.7	26/11/2012				
Actualización do rexistro de Tratamentos Fitosanitarios (caderno de explotación)	Agricultor	Art. 67.1 R. 1107/2009	Art. 16.1		01/01/2013			
Listado de produción e tipos de explotacións exentas de asesoramento	Ministerio	Art. 14	Art 10.3		01/01/2013			
Publicación do documento de asesoramento agrario	Ministerio	Art. 14	Art. 11.2		01/03/2013			
Implantación do novo sistema de de formación parta carné de manipulador	Comunidades Autónomas	Art. 5.2	Art. 19.1		26/11/2013			
Implantación da GIP no ámbito agrario	Agricultor	Art. 14	D.F. 4ª			01/01/2014		
Asesoramento para GIP no ámbito agrario	Agricultor	Art. 14	Art. 10.2.e			01/01/2014		
Publicación das guias de GIP	Ministerio	Art. 14	Art. 15			01/01/2014		

ENTRADA EN VIGOR DAS OBRIGAS IMPOSTAS POLA NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DA DUS

	Responsable	Requsito Directiva	Requisito Real decreto	2012	2013	2014	2015	2016
Elaboración dunha guia de boas prácticas para as mezclas de fitosanitarios no campo	Ministerio	Art. 13	Art. 37			01/01/2014		
Publicación do primeiro informe de evaluación do PAN	Ministerio	Art. 4	Art. 7			01/07/2014		
Obrigatoriedade do novo carné para usuarios e vendedores	Agricultor	Art. 6.4	Art. 17.1				26/11/2015	
Suministro de fitosanitarios previa presentación do novo carné para uso profesional	Agricultor	Art. 6.4	Art. 21.1				26/11/2015	
Obrigación do novo carné aos vendedores e persoal auxiliar da distribución	Distribuidor	Art. 6.4	Art. 22.1				26/11/2015	
Fin de vixencia dos carnés co formato antigo	Agricultor	Art. 5	D.T. 1ª					01/01/2016
Inspección obrigatoria dos equipos de aplicación de produtos fiotosanitarios	Agricultor	Art. 8.2	Art 5.2 RD 17/02/2011					26/11/2013

OBXECTIVO 4

PLAN DE ACCIÓN NACIONAL

Fomentar a xestión integrda de pragas para conseguir un uso racional dos produtos fitosanitarios

- Elabora guías harmonizadas por cultivo e tipoloxía a nivel nacional para a xestión integrada de pragas
  - Prevista xuntanza para a aleboración das guías o 29 de abril de 2013
- Reforzas a redes de Vixiancia Fitosanitarias para facilitar a toma de decisións na aplicación da GIP
  - Ampliación das redes a máis cultivos e pragas
- Establecer sistemas de información e/ou axuda para a aplicación da Xestión Integrada de Pragas
  - MAGRAMA debe definir os cultivos e as superficies con obriga de asesoramento

Envases de produtos fitosanitarios

Normas específicas para SIX de residuos de envases e envases usados (artigo 2 do Real decreto 1416/2001)

As normas sobre residuos perigosos serán aplicables a partir do momento no que os envases baleiros, despois do seu uso, sexan depositados e postos a disposición do SIX no lugar e formas designados para elo polo propio sistema.

Problemática medioambiental dos envases baleiros de fitosanitarios:

- Residuos clasificados como perigosos.
- Gran dispersión. Prodúcense pequenas cantidades de residuos por explotación.
- Acumulación sen tratamento dos mesmos.
- Eliminación incontrolada de residuos perigosos (abandono, enterramento, queima…).
- Xestión como residuos non perigosos.

Envases de produtos fitosanitarios

Prácticas prohibidas de xestión dos envases baleiros de fitosanitarios:

- Queima.
- Enterramento.
- Depósito incontrolado, incluindo as instalacións da explotación.
- Xestión como residuos domésticos.

Artigo 10.3.8. da RTS (DERROGADO): Os envases baleiros que contiveran praguicidas clasificados nas categorías de nocivos, tóxicos e moi tóxicos deberán ser destruidos e enterrados ou, no seu caso, devoltos ao fabricante.

Envases de produtos fitosanitarios

SIGFITO (www.sigfito.es)

Sigfito Agroenvases S.L. é unha sociedade sen ánimo de lucro creada co obxecto de organizar un sistema de recollida periódico de envases de produtos fitosanitarios para darlles un tratamento medioambiental correcto.

O sistema baséase nunha rede de centros de recollida, denominados centros de agrupamento, aos que o consumidor pode levar os seus envases.

SISTEMA GRATUITO E UNIVERSAL

Envases de produtos fitosanitarios

Materiais que se poden depositar:

- Envases de produtos fitosanitarios baleiros e secos, identificados co símbolo Sigfito.
- Outros envases baleiros identificados co símbolo Sigfito.

Materiais que non se poden depositar:

- Outros envases non identificados co símbolo Sigfito.
- Envases con produto.
- Calquera outro residuo.

El agricultor necesita tus servicios para ser legal
ESTE ESTABLECIMIENTO COLABORA CON LA NATURALEZA
SIGFITO
Coloca este distintivo en el tuyo
Hazte SIGFITO
entrando en www.sigfito.es

¿Cómo hacerme Punto SIGFITO?

Tú puedes ofrecer un valor añadido a tus clientes convirtiendo tu establecimiento en un punto de recogida de envases SIGFITO que son aquellos que tienen este símbolo.

Infórmate en www.sigfito.es

o en el teléfono 91 716 11 30

VENTAJAS

- Será más fácil para el agricultor cumplir con la ley si le ofreces la posibilidad de recogerles los envases.
- Gracias a tu punto de recogida, tu cliente o socio puede beneficiarse de ayudas económicas. Los agricultores pueden solicitarlas a la Administración entregando el albarán que les facilitarás cuando depositen los envases SIGFITO en tu establecimiento.
- Al recogerles los envases contentarás a tus clientes y mejorarás la imagen de tu empresa.

¿Qué envases debo recoger?

Vacíos, secos y con el símbolo de SIGFITO

DEPOSITA AQUÍ TUS ENVASES SIGFITO

Y RECUERDA AL AGRICULTOR LOS 3 PUNTOS:

1. ENTREGA LOS ENVASES VACÍOS Y SECOS
2. ENJUAGA 3 VECES LAS GARRAFAS Y BOTES
3. NO ACEPTAMOS ENVASES CON PRODUCTO, NI OTROS RESIDUOS

Envases de produtos fitosanitarios

SIGFITO EN GALICIA

- Colaboración entre a Consellería do Medio Rural, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e SIGFITO para a divulgación deste sistema.
- Implantación e xeneralización do sistema en toda a Comunidade Galega. En Galicia é obrigatorio a recollida de envases baleiros de produtos fitosanitarios para poder estar inscrito na sección de establecementos do Rexistro Oficial.
- Establecemento da figura do punto vinculado a un centro de agrupamento.
- Desde o ano 2004 Sigfito recolle en Galicia. En 2009 renovou o seu convenio de colaboración coa Xunta de Galicia ata 2014. Os convenios teñen que revisarse cada 5 anos.

Envases de produtos fitosanitarios

SIGFITO
AGROENVASES, S.L.

ALBARÁN DE ENTREGA

Este albarán indica la entrega del residuo por parte del consumidor a la entidad colaboradora con Sigfito

REFERENCIA: **Nº** 100000

DATOS DEL CONSUMIDOR:

Nombre/razón social: _____

CIF/NIF: _____

Domicilio: _____

DATOS DEL RESIDUO ENTREGADO

Envases vacíos que han contenido productos fitosanitarios, o marcados con el símbolo Sigfito

Nota: La entrega de residuos que no se correspondan con los indicados puede constituir una infracción muy grave. Ley 10/98 art. 34.2

Cantidad entregada para su gestión: [ ] _____

(indicar si se trata de kg ó unidades)

Fecha de entrega: _____ de _____ de 200 _____

Firma del consumidor que entrega el residuo:

Firma y sello de la entidad colaboradora:

SIGFITO es el Sistema Integrado de Gestión de residuos de envases y envases usados de productos fitosanitarios, autorizado por la Comunidad Autónoma.

SIGFITO AGROENVASES, S.L. C/Manuel Uribe 13-15, Bajo , 28033 Madrid

(ejemplar para Sigfito)

Inscrita en el Registro Mercantil de Madrid, Tomo 17.643, Libro 0, Folio 34, Hoja M-303711 – NIF B-83258004

REXISTRO DE PRODUTOS NA EXPLOTACIÓN

FICHA DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS

Titular da explotación: _____ NIF: _____

C.E.A.: _____ Identificación da parcela: _____

DATA	Elemento Tratado (1)	Praga Tratada (2)	PRODUTO UTILIZADO			Empresa Tratamento	Nome aplicador	Dose de produto aplicado (Kg/ L)(*)	Volume de caldo(L)(*)	Superficie tratada (Has.)(*)
			Materia activa	Nome comercial	Nº Rexistro					

(1) Indicar o cultivo, a colleita o local e o medio de transporte que se tratou.
(2) No concepto de praga inclúense tamén enfermidades e malas herbas.
(*) Non é obrigatoria a súa cumprimentación ainda que é recomendable a efectos do control dos residuos.

- Hai que cubrir cada vez que se faga un tratamento.
- Os datos deste rexistro débense de manter durante dous anos a partir do final da campaña á disposición das autoridades competentes.
- Se a aplicación a fai unha empresa de tratamentos indicar nome.
- Cada folla unha parcela e ciclo de cultivo. No caso de ter simultáneamente na mesma parcela varios cultivos (como no caso dos invernadoiros) empregar unha folla por cultivo

XUNTA DE GALICIA

CADERNO DE EXPLOTACIÓN

- ANEXO III RD 1311/2012
- INFORMACIÓN AMBIENTAL MAS COMPLETA DE LAS PARCELAS(CURSOS DE AGUA, SISTEMA DE CULTIVO Y RIEGO, CERTIFICACIONES)
- VALORACIÓN DE LA EFICACIA DEL TRATAMIENTO

Real decreto 1311/2012

Artículo 16. *Registro de los tratamientos fitosanitarios.*

A partir de 1 de enero de 2013, cada explotación agraria mantendrá actualizado el cuaderno de explotación
En los casos en que se lleven cuadernos de explotación conforme a los requisitos de la producción ecológica, la producción integrada o el protocolo de algún sistema voluntario de producción certificada, que contengan al menos todos los datos especificados son válidos.

Documentación relativa al asesoramiento
Certificados de inspección de los equipos de tratamiento,
Contratos asesoramiento
Facturas y documentos justificativos
Resultados de los análisis de residuos de productos fitosanitarios

Conservación durante los 3 años siguientes a su fecha de emisión.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral de Medio Rural
e Montes
Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

Edificio administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
http://medorural.xunta.es

galicia

CADERNO DE EXPLOTACIÓN

INFORMACIÓN XERAL

IDENTIFICACIÓN DAS PARCELAS

INFORMACIÓN DOS TRATAMENTOS FITOSANITARIOS

FICHA DA PARTIDA OU COLLEITA COMERCIALIZADA

FICHA DE ANALISE DE PRAGUICIDAS

CADERNO DE EXPLOTACIÓN

IDENTIFICACIÓN DAS PARCELAS DA EXPLOTACIÓN

Nº DE ORDE	IDENTIFICACIÓN SIGPAC					SUPERFICIE (HA)	USO SIGPAC[1]	SECANO/REGADÍO[2]	AIRE LIBRE / PROTEXIDO [3]	SISTEMA DE CERTIFICACIÓN[4] (ART. 10.2 R.D)
	PROVINCIA	MUNICIPIO	POLÍGONO	PARCELA	RECINTO					

1.- INDICAR A ESPECIE E VARIEDADE EN CASO DE CULTIVOS LEÑOSOS 2.- INDICAR O TIPO DE REGA DA PARCELA 3.- INDICAR O TIPO DE PROTECCIÓN DA PARCELA

4.- INDICAR SE A PRODUCCIÓN ESTÁ BAIXO ALGÚN SISTEMA DE CERTIFICACIÓN O DE XESTIÓN INTEGRADA DE PRAGAS SEGÚN ESTABLECE O ARTIGO 10 DO R. D 1311/2012

CADERNO DE EXPLOTACIÓN

TRATAMENTOS FITOSANITARIOS NA EXPLOTACIÓN (continuación)

Nº DE ORDE PARCELA/LOCAL/MEDIO	DATA	PRAGA/ENFERMIDADE	APLICADOR[3]		ASESOR (no seu caso)		MAQUINARIA TRATAMENTO		VALORACIÓN[6] EFICACIA TRATAMIENTO	OBSERVACIÓNS
			NIF/USUARIO[4]	Nº CARNÉ	NIF/Nº ASESOR[5]	Nº R.O.P.O	TIPO	Nº R.O.M.A		

3.- ANOTARÁNSE TODOS OS APLICADORES QUE INTERVEÑAN NO TRATAMENTO

4.- EN CASO DE ESTAR RELACIONADOS NO APARTADO DE "DATOS XERAIS" INDICARASE UNICAMENTE O NÚMERO DE USUARIO

5.- EN CASO DE ESTAR RELACIONADOS NEL APARTADO DE "DATOS XERAIS" INDICARÁSE ÚNICAMENTE O DATO DO ASESOR

6.- BUENA, REGULAR, NULA

FICHA DA PARTIDA OU COLLEITA COMERCIALIZADA

Titular da explotación: _____ NIF: _____

C.E.A.: _____ Identificación da parcela: _____

DATA	PRODUTO VEXETAL	CANTIDADE EXPEDIDA (KG)	NOME CLIENTE	ENDEREZO DO CLIENTE	NIF DO CLIENTE

- Os datos deste rexistro débense de manter durante tres anos a partir do final da campaña á disposición das autoridades competentes.
- Cada folla unha parcela e ciclo de cultivo.

FICHA DE ANÁLISE DE PRAGUICIDAS

Titular da explotación: _____ NIF: _____

C.E.A.: _____ Identificación da parcela: _____

DATA	CULTIVO OU COLLEITA MOSTREADA	SUSTANCIAS ACTIVAS DETECTADAS	LABORATORIO	Nº BOLETÍN ANÁLISE	RESIDUO (MG/KG OU PPM)

Correspondo coas análisis realizadas pola propia vontade do agricultor ou por exixencia do sistema de produción que practique, así como as realizadas nos controis efectuados sobre as súas colleitas que lle foran notificadas polos servizos oficiais

- Os datos deste rexistro débense de manter durante tres anos a partir do final da campaña á disposición das autoridades competentes.
- Cada folla unha parcela e ciclo de cultivo.

SUSCRICIÓN AO SERVIZO AVISOS FITOPATOLÓXICOS

SUSCRICIÓN AO SERVIZO- WEB MEDIO RURAL

SUSCRICIÓN AO SERVIZO-WEB METEOGALICIA



Subscrición para a recepción electrónica de avisos fitosanitarios - Windows Internet Explorer

http://www.meteogalicia.es/agroMeteo/suscripcions/suscripcionsIndex.action

Archivo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Servizo de Información Agrometeorolóxica

meteogalicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Castellano | Galego

Inicio | Subscricións | Novas | Ligazóns | Datos meteorolóxicos | Predición meteorolóxica | Histórico de avisos fitosanitarios

Subscrición para a recepción electrónica de avisos fitosanitarios

INTRODUZA OS SEUS DATOS PERSOAIS:

*Os campos marcados con * son obrigatorios.*

Nome:*

Correo electrónico:*

Teléfono:

Provincia:* Escolla a súa provincia

Concello:*

Parroquia:*

MARQUE AS ESPECIES DAS QUE DESEXA RECIBIR AVISOS FITOSANITARIOS:

*Marcando unha **provincia**, subscríbese a todos os avisos fitosanitarios dados nesa provincia.*
*Marcando a opción **Todas** dun grupo (Forestais, Forraxes...), subscríbese ás especies que o grupo teña actualmente definidas e ás posteriores que poida incluir.*

A CORUÑA

☐ Estou interesado en subscribirme a todos os avisos para esta provincia.

Internet 100%

Inicio | Z:\Servicio Sanidade ... | Z:\Servicio Sanidade ... | 6 Internet Explorer | Microsoft PowerPoint ... | ES | 12:54

☐ Estou interesado en subscribirme a todos os avisos para esta provincia.

Se prefire subscribirse unicamente a avisos de especies e/ou grupos concretos para esta provincia, márqueos a continuación:

Sanidade Animal	Forestais	Forraxes	Froita	Horta	Pataca	Viñedo
☐ Todas	☐ Todas	☐ Todas	☐ Todas	☐ Todas	☐ Todas	☐ Todas
☐ Aviar		☐ Millo Forraxeiro	☐ Amorodo	☐ Cebola		☐ D.O. Monterrei
☐ Equino		☐ Pradeira	☐ Kiwi	☐ Leituga		☐ D.O. Rías Baixas
☐ Outros			☐ Mazá	☐ Pemento		☐ D.O. Ribeira Sacra
☐ Ovino - Cabrún			☐ Pera	☐ Porro		☐ D.O. Ribeiro
☐ Porcino				☐ Tomate		☐ D.O. Valdeorras
☐ Vacún				☐ Xudía Verde		

OURENSE

☐ Estou interesado en subscribirme a todos os avisos para esta provincia.

Internet 100%

Inicio | Z:\Servicio Sanidade ... | Z:\Servicio Sanidade ... | 6 Internet Explorer | Microsoft PowerPoint ... | ES | 12:55

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

meteogalicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resumo da predición para os próximos días

Comentario para o Venres 11 de Maio

O anticiclón situado ao oeste de Irlanda reforzarase a partir de hoxe co que a atmosfera irase estabilizando nas vindeiras xornadas. Aínda así, unha fronte moi desfeita deixará o ceo con nubes de tipo medio e alto en toda Galicia, con posibilidade dalgún chuvasco ocasional á mañá no litoral norte. O vento do nordés acumulará nubes de estancamento na Mariña que mesmo poderían deixar algún orballo. Á tarde medrarán nubes de evolución no interior. Temperaturas sen cambios significativos, agás no litoral norte onde sufrirán un descenso entre moderado e notable. Ventos do frouxos do nordés, aumentando a moderados pola tarde no litoral norte con intervalos fortes arredor de Bares. Réxime de brisas nas Rías Baixas.

Comentario para o Sábado 12 de Maio

Continuaremos o sábado baixo a influencia das altas presións que deixarán os ceos con nubes medias e altas en xeral en toda a Comunidade. Formaranse nubes de evolución á tarde polo interior. Na Mariña quedarán con nubes de estancamento debido ao nordés, con posibilidade de orballos. As temperaturas non experimentarán cambios significativos, con lixeiros ascensos nas Rías Baixas. Os ventos soprarán do nordés, fortes no litoral norte e moderados no resto.

Informe de datos meteorolóxicos da estación Pazo de Galegos

DO 04/05/2012 AO 10/05/2012

En maio a vella queima o carro

	Ven	Sáb	Dom	Lun	Mar	Mér	Xov	Max	Med	Min	Acu
Temperatura Máxima (ºC)	14.8	15.5	16.4	16.6	16.0	22.8	24.3	24.3	18.1	14.8	--
Temperatura Media (ºC)	11.3	11.7	12.2	13.3	15.1	17.3	19.1	19.1	14.3	11.3	--
Temperatura Mínima (ºC)	9.6	9.1	9.1	10.6	13.5	13.9	13.6	13.9	11.3	9.1	--
Horas de Frío (h)	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0
Temperatura Solo (ºC)	12.7	13.3	13.7	13.6	14.1	15.4	16.8	16.8	14.2	12.7	--
Precipitación (mm)	16.2	13.4	3.3	8.1	19.6	0.8	0.0	19.6	8.8	0.0	61.4
ET0 (mm)	2.2	2.9	3.0	1.1	0.7	4.0	6.1	6.1	2.9	0.7	20.0
Balance Hídrico (mm)	14.0	10.5	0.3	7.0	18.9	-3.2	-6.1	18.9	5.9	-6.1	41.4
Irradiación (10kJ/m2día)	1182.0	1643.0	1634.0	455.0	347.0	1966.0	2818.0	2818.0	1435.0	347.0	10045.0
Horas de Sol (h)	2.7	4.8	4.3	0.0	0.0	6.1	11.3	11.3	4.2	0.0	29.2
Horas de Luz (h)	13.5	13.5	13.5	13.5	13.8	13.8	13.8	13.8	13.6	13.5	95.3
Humidade Relativa Máxima (%)	89.0	92.0	91.0	91.0	92.0	92.0	86.0	92.0	90.4	86.0	--
Humidade Relativa Media (%)	83.0	82.0	79.0	83.0	91.0	79.0	62.0	91.0	79.9	62.0	--
Humidade Relativa Mínima (%)	67.0	60.0	56.0	67.0	90.0	57.0	45.0	90.0	63.1	45.0	--
Humidade Foliar (h)	19.3	11.0	10.3	13.4	23.2	8.0	0.0	23.2	12.2	0.0	--
Velocidade Media do Vento (m/s)	1.4	1.0	1.2	1.8	2.3	1.6	1.2	2.3	1.5	1.0	--
Refacho Máximo (m/s)	8.1	7.3	7.3	12.6	12.0	9.4	6.2	12.6	9.0	6.2	--
Dirección Predominante (º)	225.0	225.0	225.0	225.0	225.0	225.0	225.0	225.0	225.0	225.0	--

	Abril	Maio	Ano Natural	Ano Agrícola
Temperatura Máxima (ºC)	23.4	24.3	26.7	31.5
Data	01/04/2012	10/05/2012	26/03/2012	13/10/2011
Temperatura Mínima (ºC)	0.6	8.0	-2.6	-2.6
Data	05/04/2012	01/05/2012	16/01/2012	06/09/2011
Temperatura Media (ºC)	9.6	13.5	10.3	11.8
Días de Xeada (<0ºC)	0	0	18	21
Horas de Frío (h)	143	0	807	867
Humidade Relativa Media (%)	77	78	73	75
Horas de Humidade Foliar (h)	316	109	775	1807
Chuvia Aculudada (mm)	178	81	324	733
Días de Chuvia (>1mm)	19	7	34	64
Data chuvia máxima	18/04/2012	08/05/2012	18/04/2012	26/10/2011
Balance Hídrico (mm)	101.1	54.6	89.3	270.2
Irradiación (10kJ/m2día)	1338.0	1333.0	5922.0	9692.0
Horas de Sol (h)	116	36	345	822
Horas de Luz (h)	387	430	1479	375
Velocidade Media do Vento (m/s)	1.6	1.6	1.6	1.4
Refacho Máximo (m/s)	15.2	12.6	15.2	15.3
Dirección Predominante (º)	225	192	90	90

Viñedo - D.O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico

F **(acios visibles)** na subzona do Sil-Ourense

E **(follas estendidas)** nas comarcas de O Bibei e Caldelas.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Dende o punto de vista sanitario volve ser protagonista a **Botrite**, que pasou de ser anecdótica a atoparse **manchas en follas** en moitos dos viñedos da zona. A pesar disto, na maioría de parcelas non deixan de ser focos illados sen demasiada incidencia no total, con algunha excepción onde o ataque deste fungo supera os límites do permisivo, chegando a afectar acios por completo e tronzar o talo dun gromo pola súa base como se pode apreciar nas imaxes que se achegan.

Recomendacións

Débese dar xa, se non se ten feito, un **tratamento específico para o Mildiu** e, só naquelas parcelas con problemas graves, tamén para **Botrite** (recoméndase retirar as follas afectadas dos viñedos), en canto as condicións meteorolóxicas o permitan.

O tratamento fitosanitario poderá facerse neste momento a base dun funxicida sistémico cun penetrante, engadindo Xofre mollable (consultar compatibilidade das materias activas coa casa comercial), para o control de **Mildiu, Oídio e Ácaros**.

Naqueles casos con **problemas graves de Botríte ou Podremia** recoméndase un antibotrítico (varias marcas comerciais) aprobado para esta enfermidade en viñedo.

Nos viñedos con problemas asíduos de Excoriose, recoméndase tamén facer unha aplicación nestes días.

A Peroxa. Mencía - estado felnolóx. (05.05.2012)

A Peroxa. Mencía - Botrite en folla (05.05.2012)

A Peroxa. Mencía - Botrite (05.05.2012)

- MOITAS GRAZAS